




Queremos que a Voz de Abaixo sirva tamén para denunciar que hai zonas do barrio desatendidas, descoidadas ou calqueira cousa coa que estexamos en desacordo. Vamos comezar con este curruncho dos basquiños. Unha verdadeira esterqueira na entrada norte da cidade.

A Gentalha leva anos traballando na memoria histórica polos que deron todo no 1936. Desta volta a Asociación con sede no noso barrio adicou un cartaz a um vizinho: Manuel Fandinho. Os cartazes podem recolher-se gratuitamente no centro social.



Manuel Fandinho Ricart (Compostela, 1896-1978) fai parte da mais popular familia anarquista compostelana, irmao de Afonso, António, Corália e Maruja ("As duas Marias"). Pintor de santos, atinge grande popularidade en 1917, ao dirixir a greve xeral que concluiu na demissom do alcaide Luis Blanco Rivero, assi como pola massiva afiliación de sociedades de oficios à CNT que consegue traballando con Ezequiel Rei Turnes. Entre 1924 e 1930 exerce como secretario xeral da Confederación Regional Galaica, e durante a II República na Federación Regional de Indústria de Pesca en Vigo. Entre 1936 e 1945 permanece agachado na sua casa; no ano seguinte torna-se novamente secretario da CRG na clandestinidade e é detido a 11 de abril de 1947 -após um ano fugido- e encadeado cinco anos en El Dueso.

Contacta Connosco

Se queres mellorar o noso barrio se tésheres intereses que compartir coa veciñanza, se che gusta participar das festas e tradicións, se cres que varias cabezas pensan máis e mellor ca unha...

Deixa na web os teus comentarios :<http://avvasmarias.org/>
Ou localizanos a través de:
Café Bar TRECE
R/ Santa Clara, 13

CONTACTA CONNOSCO

Por correo electrónico :a.vv.asmarias@gmail.com

C.S. O Pichel
R/ Santa Clara, 21



A Voz de Abaixo

As Marias reúnense cos representantes das concellerías

O pasado 15 de marzo As Marias mantivemos unha xuntanza co Concelleiro de Mobilidade, Seguridade Cidadá, Tráfico, Grúa e ORA, Albino Vázquez e coa Concelleira Medio Ambiente, Obras e Infraestruturas, Sanidade e Parques e Xardíns, María Castelao. A Xuntanza foi solicitada pola Asociación Veciñal coa finalidade de recibir de primeira man información respecto da reforma da rúa Basquiños dentro do Plan Urbana Norte.

A Concelleira confirmou que efectivamente se levará a cabo a reforma da rúa pero o proxecto aínda está en elaboración. Comprometeuse, non obstante, a que unha vez rematado, a veciñanza sería convocada para dar o seu parecer ou presentar propostas. Manifestámoslle o noso interese na súa oferta pero indicámoslle que existen determinadas cuestións que deberían ser tidas en conta previamente á elaboración do proxecto xa que, unha vez rematado este sabemos, por experiencia, que calquera modificación é considerada complicadísima.

As nosas preocupacións centráronse sobre todo nestas cuestións:

- O escalonamento das beirarrúas que teñen importantes impedimentos para a mobilidades das persoas.
- Ausencia de axardinamento en toda a rúa polo que propoñiamos a colocación de xardiñeiros con plantas ou arborado nas zonas máis amplas das beirarrúas.
- Necesidade dun maior número de colectores para a separación de lixo e incrementar o número de papeleiras.
- Problemas coa densidade de tránsito da Rúa Basquiños así como a velocidade dos vehículos polo que propoñiamos a elevación dalgún dos paos de peóns ou a colocación de semáforos para obrigar aos coches a reducir a velocidade.
- Adcentamento/axardinamento da esquina entre a Rúa dos Basquiños e Travesa de Basquiños.
- Necesidade de deixar preparadas as canalizacións para futuras conexións ou enganches de empresas subministradoras.

Tratamos tamén outros temas que non tiñan que ver co Plan Urbana Norte pero si coa Concelleira de Medio Ambiente, Obras e Infraestruturas, Sanidade e Parques e Xardíns: Os destrozos na rúa Espírito Santo: A pesares de ser unha reforma moi recente a rúa presenta importantes desperfectos no firme.

"sorprendeunos a falla de coñecemento sobre problemas que veñen de vello no barrio e que foron transmitidos ao Concello por activa e por pasiva"

Entregámoslles fotografías nas que se vian claramente os desperfectos existentes a día de hoxe no adoquinado e no enlousado de pedra así como a falla da maioría dos bolardos. Os dous concelleiros parecían descoñecer a situación pero consideraron importante que lles achegáramos as fotos e comentaron que a obra aínda estaba en garantía polo que mirarian de amañar esta cuestión.

Falamos tamén do escaso mantemento das actuais zonas verdes, da desaparición de exemplares arbóreos e falta de reposición. (exemplos como a Praza de Ultreia ou a Avda. de Coímbra onde se talaron grandes exemplares e non se repuxeron nin con exemplares novos nin con bustos)ou da ausencia de flor de tempada..

Co concelleiro de Mobilidade, Seguridade Cidadá, Tráfico, Grúa e ORA falamos sobre a actual situación da zona verde e de que, unha vez se poña en práctica a Zona Verde por Municipio, tera posibilidade de revisar o nivel de saturación das diferentes zonas de estacionamento e establecer comunicación para facer propostas de ampliación de zona verde.

A xuntanza durou aproximadamente unha hora na que se trataron temas abundantes e diversos. Foi unha primeira toma de contacto con esta corporación na que nos sorprende a falla de coñecemento sobre problemas que veñen de vello no barrio e que foron transmitidos ao Concello por activa e por pasiva. Ao rematar a xuntanza e como os representantes das Concellerías tiñan unha apretada axenda de actos, solicitáronnos que lle remitáramos respectivos correos electrónicos cos temas tratados na reunión. A día de hoxe ningunha das Concellerías respondeu por escrito aos nosos correos electrónicos. Aínda que sabemos que "onde hai papeles, calan barbas" e que "as palabras, lévaas o vento" confiamos en que os compromisos se fagan realidade e que o noso barrio poida, co tempo, gozar de determinados privilexios do casco histórico ou dalgunha das vantaxes do ensanche.



De onde vem o nome da rua dos Basquinhos?

Pois ainda que poda surpreender-nos por ser tam evidente, a palabra Basquinhos significa exactamente isso: bascos, vascongados, vascons.

Este nome de rua (ou topónimo) está relacionado com os fluxos migratórios que se dêrom na península Ibérica na Idade Média, ao igual que outros muitos nomes presentes por todo o país como Suevos, Germanha, Asturáns ou Toldaos que testemunham a presenza destes povos na nosa geografia.

Os francos, por exemplo, deixárom um rastro importante na toponimia galega desde o século IX através do caminho de Santiago, de Cluny e do Cister. Temos, nem mais nem menos, meio cento de lugares por todo o país chamados Francos, Franco, Vilar de Francos, Vila Franca ou Franca. Também a conhecida rua do Franco é prova disso e nom, como muitas pessoas pensavam, homenagem ao ditador.




Basquinhos era, portanto, zona de gentes bascas que decidírom instalar-se no nosso bairro talvez na idade média para viver do comércio, ou, mais tarde, para trabalhar nos curtidoiros da cidade.

Aprendendo a Cociñar

Na próxima semana inauguramos o ciclo de obradoiros de cozinha das Marias. Cada mês iremos a umha cozinha do bairro para aprendermos as especialidades da vizinhada! O primeiro será Josinho, do 13, que nos ensinará na sua cozinha a fazer especialidades de arroz. E depois.... a paparl!

Cociñando con... Josinho do 13
"Arroz á carnotari"



Sábado 9 de xuño ás 11h30 no bar 13
Podes anotarte antes do día 7 no bar 13, no Pichel ou en av.asmarias@gmail.com

as Marias

Empréstimo de ferramentas no pichel

Se precisas um martelo, umha serra, umha lixadora, umha chave inglesa, brocas, radial ou outra ferramenta... nom a tés que comprar, podes pedi-la emprestada no Pichel. Nom che parece umha parvada que cada casa tenha que comprar un taladro se nom o vamos usar a diario? Pergunta se temos o que che fai falta e leva-o emprestado.



Adivinha

umha caixa branca e redonda
que guarda um tesouro dourado
todo o mundo sabe abri-la
e ninguém sabe fechá-la
que é?




Ide-vos preparando
para a sardinhada deste ano...
coa rica broa,
boa música e muita festa!
dia 22 ás 20h00,
na rua santa clara



Por fin o concello repara o Barrio despois da visita da das Marias



buracos da avenida salamanca reparados



baranda de san roque instalada

primeira xuntanza para organizar as festas da rua deste ano



Xoves (quinta-feira) 14 de xuño ás 20h30 no bar 13

as Marias

As Marias Posiciónase

A Ordenanza reguladora de actividades, instalacións e ocupacións da vía pública do Concello de Santiago de Compostela conleva:

- Cobro e autorización para poñer mesas informativas
 - Cobro do enganche e uso da luz pública e prohibición de megafonia
 - Establecemento de garantías, fianzas e/ou avais para eventos culturais, festivos e deportivos gratuitos organizados pola xente
 - O concello poderá suspender arbitrariamente calqueira acto previamente autorizado
- A A.VV. As Marias pronunciámonos en contra desta Ordenanza que -no canto de protexer, amparar e incentivar a participación social no desenvolvemento cultural libre e gratuito da cidade- reprime, controla e prohíbe toda iniciativa do tecido asociativo de Compostela, establecendo requisitos burocráticos e económicos arbitrarios, absurdos e inxustos, e penalizando e controlando, en definitiva, a cultura social.

Entra na nosa WEB

www.avvasmarias.org

Fotos das festas, videos das actividades, convocatorias de actos, información dos distintos trabalhos...



Suma-te ás Marias Ficha de Inscripción (podes deixar no 13 ou enviar os datos a a.vv.asmarias@gmail.com)

Nome:
Enderezo:
Teléfono:
Correo Electrónico:
Actividade na que queres participar: